

PROPOSICIÓN SOBRE A REGULARIZACIÓN E APERTURA DUN PROCEDEMENTO PARA FACILITAR A RECUPERACIÓN E REAPERTURA DE CATRO QUIOSCOS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Os quioscos como puntos de venda fundamentalmente de xornais e revistas son un negocio tradicional que, como moitas outras instalacións, foron perdendo rendibilidade e vixencia como opción empresarial, influenciados polos avances tecnolóxicos e os costumes sociais que están a producir a súa paulatina desaparición nos escenarios urbanos dunha gran maioría de cidades do noso contorno máis inmediato, pero tamén de lugares e culturas máis distantes. Existen estimacións que cifran en máis de 5.000 os quioscos que desapareceron en España na última década, o que equivale a unha redución dun 17% dos existentes.

A progresiva implantación de internet, o aumento das publicacións gratuítas, a competencia doutros establecementos que acollen os mesmos produtos, os cambios nos hábitos de consumo e tamén as limitacións normativas impostas a este tipo de negocio, son causas que explican o declive destas instalacións noutrora moi presentes na vida cidadá.

En Santiago a ese declive xeneralizado dos quioscos véuselle a unir a problemática laboral que lle afectou á entidade de finalidade social que, desde hai máis dunha década e a través dun convenio de colaboración, dispoñía de autorización municipal para a explotación e xestión de catro quioscos situados en terreos demaniais, en concreto na Alameda, na Avenida Xoán XXIII, na Praza de Vigo e na rúa Bernardo Barreiro de Vázquez Varela. A finais de 2014 a empresa iniciou un proceso de liquidación e anunciou o peche dos quioscos que mantiña en diversos lugares de Galicia, entre eles os de Santiago de Compostela

Deste xeito, desde hai arredor de un ano e medio os quioscos permanecen sen actividade, abandonados, servindo de soporte a multitude de carteis anunciadores de todo tipo de ofertas e eventos, coa ameaza do seu estrago paulatino e ofrecendo unha imaxe deplorable que é preciso solucionar.

Con ese fin, o Grupo Municipal Popular propón que o Goberno asuma esta cuestión e dea os pasos necesarios para regularizar a situación destas instalacións, recuperando a súa titularidade e abrindo un proceso de concorrencia competitiva para a súa concesión, primando nas bases o aspecto social –valoración de ingresos, dependencia, situación de desemprego prolongado...- e mesmo estudando a posibilidade de ampliar as posibilidades de negocio (venta e consumo de bebidas, número limitado de mesas exteriores onde considere axeitado...) que faga viable a súa explotación.



A través deste procedemento poderíase favorecer o acceso a unha actividade económica e un xeito de vida a persoas necesitadas do Concello, sen excluír a posibilidade de que poidan optar tamén o conxunto da cidadanía. Conseguiríase así recuperar o calidade ambiental deses lugares céntricos e emblemáticos da cidade onde se asentan os quioscos, xerar unha oportunidade de negocio fomentando o emprego e os fins sociais, e incrementar os servizos urbanos, entre eles, a apertura dos propios urinarios que se integran nestas instalacións.


No caso de que nalgún caso non houbera demanda constatada, cabería formular a conveniencia de manter a instalación e contemplar a súa retirada, recuperando o espazo público, coa mellor ambiental que iso comportaría.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a abordar canto antes a regulación da autorización para a explotación e xestión dos catro quioscos pechados, situados na Avenida Xoán XIII, Alameda, Praza de Vigo e rúa Bernardo Barreiro Vázquez Varela, para facilitar á súa apertura a través dun procedemento de concorrencia competitiva, primando o carácter social destes establecementos, ou de ser o caso, a súa retirada para recuperar o espazo público e a mellora ambiental das céntricas zonas onde se asentan.

Santiago de Compostela, a 10 de maio de 2016.



Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular